# CUESTIONARIO PREVIO

## *Un mundo de linguas*

**1. Cantos idiomas se falan no mundo?**

- ☐ a) Máis ou menos 3.000
- ☐ b) Aproximadamente 6.000
- ☐ c) Por volta dos 20.000

**2. Cales son os continentes con maior diversidade lingüística?**

- ☐ a) Asia e África
- ☐ b) África e Europa
- ☐ c) América e Oceanía

**3. Cal é o país en que se falan máis linguas?**

- ☐ a) India
- ☐ b) México
- ☐ c) Papua-Nova Guiné

**4. Cales son os cinco idiomas con maior número de falantes?**

- ☐ a) Chinés, inglés, español, hindi e portugués
- ☐ b) Inglés, xaponés, español, francés e árabe
- ☐ c) Chinés, inglés, español, hindi e árabe

**5. Que porcentaxe de linguas posúe un código escrito?**

- ☐ a) 80 %
- ☐ b) 50 %
- ☐ c) 10 %

**6. Cales son os idiomas máis empregados na Internet?**

- ☐ a) Inglés, chinés, español, árabe e portugués
- ☐ b) Inglés, chinés, español, suahili e portugués
- ☐ c) Inglés, chinés, español, quechua e portugués

**7. Cantas persoas en Europa falan unha lingua minoritaria?**

- ☐ a) Arredor de 800.000
- ☐ b) 10 millóns, aproximadamente
- ☐ c) Máis ou menos 40 millóns

**8. En que continente hai menor diversidade lingüística?**

- ☐ a) Europa
- ☐ b) Oceanía
- ☐ c) América

**9. Cal é a lingua para a que máis libros se traducen?**

- ☐ a) Alemán
- ☐ b) Inglés
- ☐ c) Coreano

**10. Que posición ocupa o galego entre os idiomas máis traducidos do mundo?**

- ☐ a) Figura entre os 100 primeiros.
- ☐ b) Sitúase nos 50 primeiros.
- ☐ c) Está entre os 500 primeiros.

Agora, revisa a tabela embaixo para avaliar as túas respostas.

**Entre 15 e 20 puntos.** Parabéns! Demostras dispor de moita información a respecto das linguas do mundo. **Entre 9 e 14 puntos.** Vas por bo camiño! **Menos de 9 puntos.** Necesitas ampliar un pouco os teus coñecementos sobre a diversidade lingüística.

| Pregunta | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Resposta/puntos | a) 1 | a) 2 | a) 1 | a) 2 | a) 0 | a) 2 | a) 0 | a) 2 | a) 2 | a) 1 |
| | b) 2 | b) 1 | b) 0 | b) 0 | b) 1 | b) 1 | b) 1 | b) 0 | b) 1 | b) 2 |
| | c) 0 | c) 0 | c) 2 | c) 1 | c) 2 | c) 0 | c) 2 | c) 1 | c) 0 | c) 0 |

**Fonte do cuestionario: Manual do Consorcio Editorial Galego**